

Campana para a detecci3n de puntos negros de atropelos de fauna salvaxe nas estradas galegas

Verdegaia

3rea de Biodiversidade • Sub3rea de Espazos Naturais e Especies Aut3ctonas
5 de xu3no de 2013 • D3a Mundial do Ambiente



ATROPELOS NON GRAZAS!

Contidos



1. Responsables da campaña	2
Quen organiza Atropelos, non grazas?	2
Coordenación e dúbidas sobre a campaña	3
2. Obxectivos	4
Que buscamos con esta campaña?	4
Transforma con nós ;-)	5
3. Metodoloxía a pé de campo	6
Como podes colaborar?	6
A túa participación é imprescindible	7
4. Fases da campaña	8
Cales van ser os pasos que imos dar?	8
Que medidas poderíamos propor no futuro?	9
E para os animais domésticos atropelados?	9
5. Avaliación da campaña	10
Como imos avaliar o éxito desta campaña?	10
Parte do noso éxito depende de ti	11

1. Responsables da campaña

QUEN ORGANIZA ATROPELOS, NON GRAZAS?

Esta campaña está organizada por Verdegaia que é unha asociación ecopacifista galega sen ánimo de lucro, plural, democrática, apartidaria e independente. Naceu o 2 de abril de 2006 co obxecto de contribuír desde Galiza para a defensa do ambiente e o avance na transformación social e mundial en termos de sustentabilidade ecolóxica, xustiza social e paz, na procura dunha saída emancipatoria á crise ecolóxica global.



Imaxe dunha actividade organizada pola asociación

Verdegaia considera que os atropelos de fauna salvaxe ocasionan unha elevada mortalidade de individuos nas poboacións destes animais próximas ás estradas e supoñen un grave perigo para a seguridade do tráfico. Ademais, as estradas xeran a perda, fragmentación e degradación de hábitats e poboacións de animais salvaxes mediante o seu efecto barreira,

a contaminación (lumínica, sonora e química), a dispersión lonxitudinal de especies invasoras, a xeración de efectos de borde,...

Aínda que a campaña vai enfocada á detección de puntos negros de atropelos de fauna salvaxe, tamén serán recibidos datos de animais domésticos atropelados.

Coordinación e dúbidas sobre a campaña

A coordinación da campaña realízase dende a Subárea de Espazos Naturais e Especies Autóctonas da Área de Biodiversidade da nosa asociación un biólogo especializado en restauración de ecosistemas.

Calquera dúbida que teñas será respostada se nos envías un correo a atropelosnongrazas@verdegaia.org.

2. Obxectivos

QUE BUSCAMOS CON ESTA CAMPAÑA?

Os obxectivos que persegue esta campaña son:

- 1º) Concienciar a cidadanía sobre o problema que supoñen os atropelos para as poboacións de animais salvaxes e para a propia seguridade vial das persoas.
- 2º) Localizar puntos negros de atropelos de fauna salvaxe nas estradas da xeografía galega.
- 3º) Solicitarlles ás administracións que teñan a titularidade das estradas onde se sitúan os distintos puntos negros localizados que tomen medidas para evitar máis atropelos de fauna salvaxe neses lugares.



Sinal que advirte da presenza de animais moi vulnerables na estrada

- 4º) Localizar puntos negros de atropelos de fauna doméstica nas estradas da xeografía galega e propor medidas de xestión e concienciación para evitar máis atropelos de animais domésticos neses lugares.

5º) Fomentar a participación da cidadanía na transformación social e na búsqueda de solucións ós problemas ambientais e sociais que ten a nosa sociedade.

Transforma con nós ;-)

Se colaboras con esta campaña axudarás a que moitos animais salvaxes non morran atropelados no futuro e chegarás o teu gran de area para transformar a nosa sociedade facéndoa máis respectuosa coa fauna.

3. Metodoloxía a pé de campo

COMO PODES COLABORAR?

O método que tes que seguir para colaborar con Verdegaia nesta campaña é moi doado e consiste en:

1º) Recoller os datos dos animais salvaxes e domésticos atropelados que vexas nas estradas da xeografía galega que se solicitan na “Ficha de recollida de datos de Atropelos, non grazas!” que poderás atopar no apartado da campaña na páxina de Verdegaia (www.verdegaia.org), **sempre coa máxima precaución posible e respectando en todo momento as normas de circulación e seguridade vial da Dirección Xeral de Tráfico.**

2º) Enviar a “Ficha de recollida de datos de Atropelos, non grazas!” e, a poder ser, unha fotografía do animal a atropelosnongrazas@verdegaia.org.



Vehículo acuático ecolóxico

3º) Agardar a contestación do coordinador da campaña conforme os teus datos foron recibidos correctamente.

Ademais podes:

1º) Conducir diminuíndo o risco de atropelos.

2º) Empregar o transporte público colectivo.

A túa participación é imprescindible

Para que esta campaña teña éxito precisamos da túa inestimable colaboración para poder crear unha base de datos de animais salvaxes atropelados o máis grande posible.

Ademais de enviarnos os datos que recollas podes levar a cabo unha condución que reduza o risco de atropelos. Para isto debes estar alerta e conducir máis amodo, en especial cando circules preto de espazos naturais protexidos, por estradas secundarias, en momentos nos que haxa pouca luz (á noite, á mañanciña e á tardiña) e cando atopas sinalizacións que indiquen perigo pola presenza de animais en liberdade na redonda da vía.

Cando podas, emprega o transporte público colectivo en vez do vehículo privado. Deste xeito reducirás o risco de atropelos e non contribuirás ó avance da mudanza climática.

4. Fases da campaña

CALES VAN SER OS PASOS QUE IMOS DAR?

Os pasos que imos dar son:

1º) Divulgar a campaña entre a cidadanía galega para que coñeza a campaña e comece a colaborar con ela. Esta tarefa vaise desenvolver sobre todo nos primeiros seis meses de campaña.

2º) Crear unha base de datos coa información recibida. Esta tarefa desenvolverase dende que se comecen a recibir datos de animais salvaxes atropelados e durante os tres primeiros anos de campaña.

3º) Realizar un tratamento dos datos obtidos con Sistemas de Información Xeográfica específicos da detección de puntos negros de atropelos de fauna salvaxe en estradas coa colaboración de expertos da Universidade Autónoma de Madrid. Esta tarefa realizarase durante o cuarto ano de campaña.

4º) Proporlles ás administracións que teñan a titularidade das estradas onde se localizan os distintos puntos negros localizados que tomen medidas específicas para evitar máis atropelos de fauna neses lugares. Esta tarefa levarase a cabo a partir do quinto ano de campaña.

5º) Avaliación dos resultados obtidos na campaña. Esta tarefa levarase a cabo durante o sexto e derradeiro ano de campaña.

Que medidas poderíamos propor no futuro?

Dependendo da realidade que atopemos despois de termos tratado os datos recibidos, as medidas que se poderían propor poden ser a construción de diferentes infraestruturas para evitar os atropelos de fauna salvaxe:

1º) Pasos superiores como ecodutos, pasos superiores específicos para a fauna ou pasos superiores multifuncionais.



Esquema dun paso superior multifuncional

2º) Pasos inferiores como pasos inferiores adaptados para grandes mamíferos, pasos inferiores multifuncionais, pasos inferiores específicos para pequenos vertebrados, drenaxes adaptadas para animais terrestres ou pasos para anfibios.

E para os animais domésticos atropelados?

Para os atropelos de fauna doméstica proporanse unicamente medidas de xestión e de concienciación dos propietarios dos animais en vez de medidas construtivas xa que se priorizará a realización das mesmas para a fauna salvaxe.



5. Avaliación da campaña

COMO IMOS AVALIAR O ÉXITO DESTA CAMPAÑA?

A avaliación da campaña levarase a cabo tendo en conta os seguintes aspectos:

1º) Participación da cidadanía: medírase a participación da cidadanía galega e considerarase un éxito recibir máis de 300 fichas por ano e un fracaso menos de 100 fichas por ano durante os tres anos de recepción de datos da campaña.

2º) Grao de coñecemento da campaña por parte da poboación galega: medírase a participación de Verdegaia en programas de radio e na publicación de novas, entradas en blogs,... e considerarase un éxito ter unha nova ou entrevista ó mes durante o primeiro ano de campaña nos medios de comunicación citados. Pola contra, considerarase un fracaso ter unha nova ou entrevista cada tres meses.



Xuntanza de traballo de Verdegaia

3º) Detección de puntos negros: medirase a detección de puntos negros despois de realizar o tratamento dos datos obtidos considerándose un éxito a detección de dous puntos negros por ano e un fracaso a detección de dous cada tres anos.

4º) Resposta das administracións titulares das estradas: medirase a resposta que dean as diferentes administracións ás nosas peticións e considerarse un éxito que se leven a cabo obras nun punto da nosa rede viaria para que cesen os atropelos de fauna salvaxe nese lugar. Pola contra, considerarse un fracaso que non se teñan en conta ningunha das nosas peticións.

Parte do noso éxito depende de ti

Como podes ver, unha grande parte do éxito desta campaña depende da túa colaboración, xa que sen os datos que nos poidas proporcionar non poderemos detectar ningún punto negro de atropelos de fauna salvaxe.